


XLVII SEMANA de CINE LUGO 22-27 SET. 2025





EDITA:
FONMIÑÁ

Concepción Arenal, 63-entrechán
LUGO - Tfno: 982 243 719

IMPRIME: Lucusprint

Depósito Legal: LU 116-2025

TEXTOS E TRADUCIÓNS

ELENA IRAVEDRA RIVAS
HÉCTOR PARDO ÁLVAREZ

COLABORACIÓNS ESPECIAIS

FILMOTECA NACIONAL DE ESPAÑA
FILMOTECA DE GALICIA
TRAMA FILMS
ISIDORO RODRÍGUEZ
PEDRO DANIEL PINTO PEREIRO DIAS
VICTORIA CRISTINA VÁZQUEZ MAREI
MARCOS GONZÁLEZ CASTRO
ANTÓN PINTO
MARÍA VÁZQUEZ
FEDE SANTILLANA

ANIMACIÓN

GRUPO DE TEATRO ACHÁDEGO

CARTEL OFICIAL SEMANA DE CINE

PRIMITIVO MARCOS

WEB, FACEBOOK, INSTAGRAM

GALICIADIGITAL
FUNDACION T.I.C.
VIVA LUGO

PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA

ALLETUM

SEDE SOCIAL E PRENSA

FONMIÑÁ

ORGANIZA

GRUPO FOTOCINEMATOGRAFICO FONMIÑÁ

PATROCINAN

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
CONCELLO DE LUGO - CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA
XUNTA DE GALICIA

AGADIC
(AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS)
UNED-LUGO

COLABORAN

GALICIADIGITAL
ACHÁDEGO TEATRO
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS LUGO MONUMENTAL
GADIS
FESTHOME
CLICK FOR FESTIVALS
BELÉN DE BEGONTE
BAÑOS FILMS
TIC-SERVIZO DE AUDIOVISUAIS
(DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)
GRANERO VIDEO-LUGO
ALLETUM
ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL
ASPNAIS
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS
DE HOSTELERÍA (APEHL)
ACADEMIA DE ENFERMARÍA DE GALICIA
ILUSTRE COLEXIO DE ENFERMARÍA DE LUGO
AFALU (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES
DE ENFERMOS DE ALZHEIMER
SERVICIO DE XERIATRÍA DO HULA

47 SEMANA DE CINE DE LUGO

S E D E S E S A L A S

AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
SALÓN DE ACTOS DA XUNTA DE GALICIA
BIBLIOTECA PROVINCIAL DE LUGO
VELLO CÁRCERE

OUTRAS ACTIVIDADES

Os lugares e horas de celebración das distintas conferencias, exposicións, debates cinematográficos e presentacións serán anunciados a través da Oficina de Prensa a todos os medios informativos e redes sociais.

A MELLOR PELÍCULA da Sección Oficial (Auditorio), As curtas tamén son cine (Vello Cárcere) e Cine Galego (Vello Cárcere) serán elixidas polo público asistente a través das papeletas de votación que se entregarán á entrada de cada sala. O resto dos premios serán outorgados polo Xurado de Fonmiñá.

A asistencia e presentación dalgunha das películas que participan na Semana de Cine por parte dos seus directores, equipo técnico ou artístico, estará pendente do momento laboral que poidan atopar nesas datas cada un deles.

PREZOS DAS ENTRADAS

Infantil (Auditorio): de balde
O mellor do ano (Auditorio): 3,00 euros
Sección Oficial (Auditorio): 3,00 euros

Compra de entradas: www.semanadecinedelugo.com

A entrada nas restantes sedes será libre e de balde ata completar o aforo, e previa retirada de invitación en www.semanadecinedelugo.com ata unha hora antes do comezo de cada proxección, ou presencialmente na sala correspondente, desde media hora antes.

Unha vez comezada a película non se permitirá o acceso á sala

COMITÉ ORGANIZADOR, PROGRAMACIÓN, SELECCIÓN, COMUNICACIÓN, GABINETE TÉCNICO E COORDINACIÓN

MANUEL CURIEL FERNÁNDEZ
JOSÉ MANUEL GUIASOLA ESCUDERO
XULIO XIZ RAMIL
EDUARDO RODRÍGUEZ OCHOA
ANTONIO GIZ PAZ

Agradecementos:

*FONMIÑÁ e a SEMANA DE CINE DE LUGO
queren agradecer a todas aquelas persoas,
entidades e firmas comerciais que
colaboraron dalgún xeito na súa
organización, e a todos os produtores,
distribuidores e directores que presentan
a súas películas na 47 edición.*

COMITÉ DE HONRA

Sr. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA
Presidente da Xunta de Galicia

Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ
Alcalde do Concello de Lugo

Sr. D. JOSÉ TOMÉ ROCA
Presidente da Deputación Provincial de Lugo

Sr. D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

Sra. D^a. TAREIXA FERREIRO TALLÓN
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Sra. D^a. IRIA CASTRO FERNÁNDEZ
Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización
Lingüística da Deputación Provincial

Sr. D. JACOBO SUTIL NESTA
Director da Axencia Galega de Industrias Culturais

Sr. D. XULIO XIZ RAMIL
Presidente do Grupo Fotocinematográfico FONMIÑÁ



www.semanadecinedelugo.com

www.fonmiña.es

<https://www.facebook.com/semanacineautorlugo/>

fonmina@galiciadigital.com

secilug@gmail.com



XLVII SEMANA de CINE de LUGO



O día que cumpría un século a película “A quimera do ouro”, do xenial Chaplin, presentamos na Biblioteca Provincial de Lugo o cartel desta XLVII Semana, obra de Primitivo Marcos, que lembra e homenaxea aquela película que, como outras moitas, todas especiais, acredita que a sétima arte ofrece singulares obras que nunca deixarán de estar de actualidade.

Co cartel da Semana expuxéronse tamén os quinze esbozos previos que o minucioso artista lucense elaborou ata chegar á obra definitiva, fusión da memoria do filme con símbolos da cidade pétrea que pisamos, para mellor unir os conceptos de Arte-Lugo-Historia, que nesta cidade sempre nos envolven.

Unha Semana de Cine -e con esta son corenta e sete as que Fonmiñá ten organizado en Lugo- ten, xa que logo, un punto de referencia, un punto de partida, neste caso a película que sempre vemos cos ollos da alma. Pero ese punto é o trampolín desde o que nos lanzamos á inmensa poza de líquido nutricio que nos enche de ledicia, nos alimenta, e nos eleva... milleiros de escenas, centos de vidas, mundos a descubrir en 148 películas que na Semana de Cine nos agardan a todos.

Benvidos á XLVII Semana de Cine de Lugo, preparada para todos vós. Desfrutádea!

Xulio Xiz

Presidente do

Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá

47SEMANADECINEDELUGO

INFANTIL4

Auditorio Gustavo Freire, 12:00h.
FLOW, UN MUNDO QUE SALVAR

O MELLOR DO ANO4

Auditorio Gustavo Freire,
18:00h./20:00h.

AÚN ESTOY AQUÍ
LOS TORTUGA
LA CHICA QUE SANABA
AL OTRO LADO DEL RÍO
ENTRE LOS ÁRBOLES
EL TEOREMA DE MARGUERITTE
FIN DE FIESTA

SECCIÓN OFICIAL.5

Auditorio Gustavo Freire, 22:00h.

Películas:

LAS CUATRO HIJAS
LA CHICA DE LA AGUJA
LAS CHICAS DE LA ESTACIÓN
EL BAÑO DEL DIABLO
EL JOCKEY
WATER LILIES

Curtametraxes:

ARACNE
(OU A ARÁÑA QUE NON PODÍA TECER)
ENCARNA I HUESO
YO VOY CONMIGO
BAILE CON LA MUERTE
L'ALBERO DEI RICCIO
TESORO

CINE DOCUMENTAL6

Deputación Provincial, 17:30h.

TOSKHUA
CAMINO ROYA. UN MAPA
DE IDA Y VUELTA

RECUPERANDO EL CINE 35 MM

DEOLINDA
TRAS LA SUPERFICIE
NO CONSIENTO
RUINAS
LOS TRAZOS QUE QUEDAN DE TI
TORMENTA DE FUEGO.
INCENDIOS EN LA PATAGONIA
FRAGMENTOS
NO ESTAS SOL@
TAL VEZ NOS VOLVAMOS
A ENCONTRAR

HOMENAXES6

Deputación Provincial, 20:00h.

A SOMBRA DO CASTIÑEIRO
LA QUIMERA DEL ORO
ATÍN AYA. RETRATO DEL SILENCIO
EL SABOR DE LAS COSAS SIMPLES
RECUÉRDAME.
EL PRINCIPIO DE LA DESCONEXIÓN

CINE ESPAÑOL

INÉDITO9

Biblioteca, 17:30/20:00h.

LA SOMBRA DEL QUEBRANTAHUESOS
LAS LECHUZAS SOLO SALEN POR
LA NOCHE
EL INSTINTO
AMOR EN TODA LA CARA
HYBRIS
LOS HEREJES

90 ANOS DE RADIO EN LUGO.....9

Biblioteca, 17:30h.

A SOLAS CON FARIZ

CINE GALEGO.10

Sala Xunta de Galicia,
18:00h./20:00h.

O MÉDICO DOS POBRES
CORRE O VENTO
QUIERES SALIR PUEDES ENTRAR
SEN ALMA
OS ESPAZOS EN BRANCO
TESTEMUNHAS DUNHA ILLA
TE SEPARAS MUCHO
CURMÁN
FILMEI PAXAROS VOANDO
A SOMBRA DO CASTIÑEIRO
COUTO MIXTO
A TAREA
NON SINTO A FORMA

CINE DE NADAL11

Sala Xunta de Galicia, 16:00h..

NICO, EL RENO QUE QUERÍA VOLAR
SE ARMÓ EL BELÉN
ARTHUR CHRISTMAS OPERACIÓN REG.
TEDDY, LA MAGIA DE LA NAVIDAD

AS CURTAS TAMÉN SON CINE.12

Vello Cárcere, 17:30h.

OLIVIA
3000 ELEFANTES
LA MORT
PERIQUITOS
YUNGAY
NO TE ATREVAS A FILMARME AHORA
OSTRAS
CUADRO
PARÍS 70
EL GUIONISTA (SCENEGGIATOIRES)
LOS ARMARIOS NO SE VACÍAN SOLOS

JULIENA DE BOMBILLAS

EL PADRE SOÑADO
EL BOSQUE INTRADUCIBLE
MOVIMIENTOS MIGRATORIOS
LU Y EL FANTASMA
APAGADA
ATARDECER EN PARÍS
YELLOW SKRULLS
UN NIÑO ESCUCHA
DESCARTADAS LAS OPCIONES
MÁS SENCILLAS
LAS CUCARACHAS
QUINQUI
CHIQUITA PICONERA
MARCIANO
SER UN NIÑO
VIDEOCLUB 2001
LA NIÑA TATUADA
L'ULTIM COMBAT (EL ULTIMO COM-
BATE)
IMAGO
TANGO SIESTA
PLANETAGATIK
TIENES UN MINUTO?
CASTING
CARMEN Y LA CUCHARA DE PALO
BACANAL PROHIBIDA
SOLO LOS MUERTOS SE QUEDAN
CAVA
JUEVES DE MARZO
NI LOBOS NI CORDEROS
LA FUERZA
L'ACQUARIO
ADIÓS
EL OTRO
IUS DEL TIEMPO
LA GAUCHADA
LA ROSA
SOLEDÁ
LAS PARDAS

CINE GALEGO, CURTAMETRAXES14

Vello Cárcere, 20:00h.

RECORDOS ASOLAGADOS
ALMA
TRASTOS UN DÍA NORMAL
LAVADOIRO
MEXILLONARIA
TIRO PORQUE ME TOCA
CAMINERO. EL GENERAL QUE INTENTÓ
EVITAR UNA GUERRA
TEÑO QUE APRENDER A CHORAR
DE NOVO
TAN SÓ O DEMO LEMBRA
(RE)FRAN
O BALEIRO
O CORPIÑO
O COSTUME DO TRABALLO
A MEMORIA DAS PEDRAS
CINCO PERROS
BETAS
HIPPOCAMPUS
CARRACEDO
NAI
BOCA DE ASNO
ABELLÓN
BINGO
O PATIO
ANCORA
O PORCO
O INTERROGATORIO
RATIÑA
MARCO EXPOSTO
SENDA ESTRELA
UN CAN GALEGO
GRALLA
ADEUS BERTA
QUERO-T

INFANTIL

12:00h. Auditorio Gustavo Freire

Sábado, 27 / 12:00 h.

FLOW, UN MUNDO QUE SALVAR

Letonia, 2024-83 min. Animación.
Director: Gints Zibalodis
Música: Rihards Zaluoe
Produtoras: Dream Well Studio, Secrebeu Productions, Take Five, srte France Cinéma, Canal +

Un gato esperta nun mundo cuberto de auga, onde parece que a raza humana desapareceu. Procura abeiro nun barco cun grupo doutros animais, pero darse ben con eles resulta un reto aínda maior que superar o seu medo á auga. Todos terán que aprender a superar as súas diferenzas e adaptarse a este novo mundo no que se encontran.

2024: Premios Oscar: Mellor filme de animación. 2 nominacións.

2024: Premios Globos de Ouro: Mellor filme de animación

2024: Premios BAFTA: 2 nominacións, incluíndo Mellor película de animación

2024: Festival de Annecy: 4 premios, incluíndo Premio do público

2024: Premios Goya (España): nominada a Mellor filme europeo.



O MELLOR DO ANO

18:00h./20:00h. Auditorio Gustavo Freire

Luns, 22 / 18:00 h.

AÚN ESTOY AQUÍ

Brasil, 2024-137 min.
Director: Walter Salles
Intérpretes: Fernanda Torres, Selton Mello, Fernanda Montenegro, Luzka Kosovski, Bárbara Luz.

Música: Warren Ellis
Produtoras: Video Filmes, RT Features, MACT Productions, Conspiração Filmes, arte France Cinema, Globoplay.

Baseada nas memorias de Marcelo Rubens Paiva, nas que narra como a súa nai se viu obrigada a practicar o activismo político cando o seu home, o deputado de esquerdas Rubens Paiva, foi capturado polo goberno durante a ditadura militar do Brasil, en 1971.

2024: Premios Oscar: Mellor filme internacional. 3 nominacións. / 2024: Premios Globos de Ouro: Mellor actriz principal - Drama. 2 nominacións. / 2024: Premios BAFTA: Nominada a Mellor filme de fala non inglesa / 2024: Festival de Venecia: Mellor guión / 2024: Premios Goya: Mellor filme iberoamericano / 2024: Festival de San Sebastián: Nominada a Premio do Público.



Xoves, 25 / 20:00 h.

AL OTRO LADO DEL RÍO ENTRE LOS ÁRBOLES

Reino Unido, 2022-106 min.

Directora: Paula Ortiz
Intérpretes: Liev Schreiber, Matilda De Angelis, Josh Hutcherson, Danny Huston, Laura Morante
Música: Mark Tschanz
Produtora: Tribune Pictures.
Distribuidora: Bleecker Street

Italia, logo da Segunda Guerra Mundial. Richard Cantwell é un coronel do exército estadounidense atormentado pola guerra, que afronta con estoica indiferenza a noticia de que padece una doenza terminal. Un encontro casual cunha moza comeza a reavivar nel a esperanza de renacer.



Venres, 26 / 20:00 h.

EL TEOREMA DE MARGUERITE

Francia, 2023-112 min.

Directora: Anne Novion
Intérpretes: Ella Rumpf, Jean Pierre Darroussin, Clotilde Courau, Julien Frison
Música: Pascal Bildeu
Produtoras: Beauvoir Films, TS Productions, France 2 Cinema, Radio Télévision Suisse, Canal +.

Marguerite é unha brillante estudante de matemáticas na prestixiosa Escola Superior de Lyon. É a única muller da súa promoción, e todo semella ir perfectamente mentres prepara a exposición da súa tese. No día clave, un pequeno erro pon a súa situación ao bordo do abismo. Marguerite decide entón facer táboa rasa, e comezar de cero.

2023: Premios César (Francia): Mellor actriz revelación. 2 nominacións



Sábado, 27 / 20:00 h.

FIN DE FIESTA

España, 2024-103 min.

Directora: Elena Manrique
Intérpretes: Sonia Barba, Beatriz Arjona, Edith Martínez Val, Carlos Benardino, Gonzalo Valdez
Fotografía: Joachim Philippe

Un emigrante africano agóchase no alpendre dunha casa señorial andaluza. Dende aí, contempla a vida cotiá e a dinámica entre a señora da casa e a súa xove asistente. Un día, é descuberto pola señora, e, un tempo despois, pola criada, mais ambas as dúas ocúltanllo á outra, ata que un imprevisto revela o segredo.

2024: Festival de Valladolid - Seminci: Mellor dirección novel. 2 nominacións



★ ★ ENTRADAS SEMANA DE CINE ★ ★

Compra de entradas

Infantil, O mellor do ano, Sección Oficial, no Auditorio:
www.semanadecinedelugo.com

A entrada nas restantes sedes será libre e de balde ata completar o aforo, e previa retirada de invitación en www.semanadecinedelugo.com ata unha hora antes do comezo de cada proxección, ou presencialmente na sala correspondente, desde media hora antes.

Unha vez comezada a película non se permitirá o acceso á sala.



★ ★ ★ ★

★ ★ VOTACIÓN ★ ★

A Mellor Película da Sección Oficial (Auditorio), As curtas tamén son cine (Vello Cárcere) e Cine Galego (Vello Cárcere) serán elixidas polo público asistente a través das papeletas de votación que se entregarán á entrada de cada sala.

O resto dos premios serán outorgados polo Xurado de Fonmiñá.



Martes, 23 / 20:00 h.

LOS TORTUGA

España, 2024-109 min.

Directora: Belén Funes
Guión: Belén Funes, Marçal Cebrian
Intérpretes: Antonia Zeguers, Elvira Lara, Mamen Camacho, Pedro Romero, Lorena Aceituno, Estefanía de los Santos.
Música: Paloma Peñarubia
Fotografía: Diego Cabezas
Produtoras: Coproducción España-Chile, La Cruda Realidad

Anabel ten 18 anos. Vive coa súa nai, Delia, unha taxista chilena emigrada ao barrio de Collblanc fai vinte anos. Estuda primeiro de comunicación audiovisual na cidade de Barcelona. Custoulle moito esforzo entrar na carreira porque a nota de corte é moi alta, pero esforzouse... estudou moito. Agora o seu futuro está a piques de cambiar para sempre. E aínda que Anabel aínda non o saiba, unha carta está a piques de chegar. Nela, a inmobiliaria do piso de alugueiro no que viviron sempre lles informa de que teñen que abandonar definitivamente o piso xa que o edificio foi adquirido por un fondo vóitre.

28 Festival de Málaga 2025: (Mellor película - Biznaga de Ouro, Premio Especial do Xurado - Biznaga de Prata, Mellor dirección (Belén Funes), Mellor guión (Belén Funes, Marçal Cebrian)



Mércores, 24 / 20:00 h.

LA CHICA QUE SANABA

Bélgica, 2023-103 min.

Director: Fien Troch
Intérpretes: Cathalina Geeraerts, Greet Verstraete, Felix Heremans, Robble Cleiren
Música: Johnny Jewel
Produtoras: Prime Time, Les Films du Fleuve, Topkapi Films, Agat Films, Tarantula Luxembourg

Unha nena de quince anos chamada Holly chama ao seu colexio para dicir que ese día queda na casa. Pouco despois, prodúcese un incendio na escola no que moren varios alumnos. A comunidade está conmovida pola traxedia e únese para afrontala. Anna, unha mestra intrigada por Holly e o seu estraño presaxio, convidada a unirse ao grupo de voluntariado que dirixe. A presenza de Holly parece traer paz mental, calidez e esperanza. Mais pronto, a xente comeza a reclamar a Holly e a súa enerxía catártica, e a exixir cada vez máis dela.

2023: Festival de Venecia: nominada a León de Ouro - Mellor película.

2023: Festival de Gijón: nominada a Mellor filme (sección Albar)



XLVII SEMANA de CINE de LUGO

SECCIÓN OFICIAL

22:00h. Auditorio Gustavo Freire

Luns, 22 / 22:00 h.

LAS CUATRO HIJAS

Túnez, 2023-107 min.

Director:

Kaouther Ben Hania

Intérpretes:

Hand Sabry, Khaled Abol Naga, Majd Mastoura, Ichrak Matar, Eya Chikaoui

Música: Amin Bouhafa

Productora: Tanit Films

A vida de Olfa, tunesina e nai de catro fillas, oscila entre a escuridade a luz. Un día, as súas dúas fillas máis vellas desaparecen.

2023: Premios Oscar: nominada a Mellor longametraxe documental.
2023: Premios César (Francia): Mellor documental.

2023: Festival de Cannes: nominada á Palma de Ouro: Mellor filme.

2023: Premios do Cine Europeo (EFA): nominada a Mellor documental.

2023: Premios Independent Spirit Awards: Mellor longametraxe documental.



Xoves, 25 / 22:00 h.

EL BAÑO DEL DIABLO

Austria, 2024-120 min.

Dirección: Severin Fiala, Veronika Franz

Intérpretes: Anja Plaschg, David Scheid, Maria Hofstätter, Natalija Baranova.

Música: Anja Plaschg

Productoras: Ulrich Seidl Film Produktion GbbH, Arte, Bayerischer Rundfunk

Austria, século XVIII. Vilas rodeadas de profundos bosques. No alto dun outeiro, unha muller foi executada e exposta á vista de todos logo de matar un bebé. Como proba. Como advertencia. Como un pre-saxio? Agnes, profundamente relixiosa e moi sensible, casa co seu amado Wolf e prepárase candidamente para unha vida de esposa. Pouco despois, a súa cabeza e o seu corazón comezan a sentirse pesados. Día tras día, vese cada vez máis atrapada nun camiño turbio e solitario que a conducen aos malos pensamentos. Quizais... non só pensamentos.

2024: Festival de Berlín: Oso de Prata - Contribución artística sobresaiante. 2 nominacións

2024: Premios do Cine Europeo (EFA): Mellor deseño de vestiario.

2024: Festival de Sitges: Mellor filme.



Martes, 23 / 22:00 h.

LA CHICA DE LA AGUJA

Dinamarca, 2024-122 min.

Director: Magnus von Horn

Intérpretes: Victoria Carmen Sonne, Tine Dyrholm, Besir Zeciri, Joachim Fjestrup, Ari Alexander.

Música: Frederikke Hoffmeier

Productoras: Creative Alliance, Lava Films, Nordisk Fil.

Karoline é unha moza embarazada e des-empregada que loita por sobrevivir na Copenhague posterior á Primeira Guerra Mundial. É acollida por unha carismática señora, a quen axuda a dirixir a súa axencia de adopción clandestina. Ambas as dúas forman un vínculo inesperado, ata que unha descuberta repentina o muda todo.

2024: Premios Oscar:

nominada a Mellor filme internacional.

2024: Premios Globos de Ouro:

nominada a Mellor filme de fala non inglesa.

2024: Festival de Cannes:

nominada á Palma de Ouro: Mellor filme.

2024: Premios do Cine Europeo (EFA):

2 premios. 5 nominacións.

2024: Festival de Sevilla:

4 premios. 5 nominacións.



Venres, 26 / 22:00 h.

EL JOCKEY

Arxentina, 2024-97 min.

Director: Luis Ortega

Intérpretes: Nahuel Pérez Biscayart, Ursula Corberó, Daniel Giménez, Mariana Di Girolamo, Daniel Fanego.

Música: Sune Wagner

Productoras: Rei Cine, El Despacho Producties, Infinity Hill, Exile Content Studio, Warner Music

Remo Manfredini é un jockey lendario, pero o seu comportamento autodestruutivo comeza a eclipsar o seu talento e ameaza a súa relación coa súa moza, Abril. O día da carreira máis importante da súa traxectoria, a que o liberará das súas débedas co seu xefe mafioso, Sirena, sofre un grave accidente, desaparece do hospital e deambula polas rúas de Bos Aires...

2024: Premios Goya (España): nominada a Mellor filme iberoamericano.

2024: Festival de Venecia: nominada a León de Ouro - Mellor película.

2024: Festival de San Sebastián: Premio Horizontes (Mellor filme latinoamericano).

2024: Premios Sur (Arxentina): 11 nom.

2025: Premios Platino do Cine Iberoamericano: Mellor actor secundario. 9 nominacións.



Mércores, 24 / 22:00 h.

LAS CHICAS DE LA ESTACIÓN

España, 2024-115 min.

Directora:

Juana Macías

Intérpretes: Julieta Tobio, Salua Hadra, María Stielman, Carla Gris, Elena Gallardo, Xóan Fórneas, Daniel Montero

Música: Isabel Royán

Productoras: La Periférica Produccións, Feegold Media, Kowalski Films, Movistar Plus, RTVE, ICCA.

Jara, Álex e Miranda son tres rapazas que medraron nun centro de menores sen saber o que é o amor sen condicións. É o aniversario de Jara, e as tres queren celebralo no concerto da súa trap queen favorita. Precisan cartos e non teñen moitas opcións para conseguilos. Pero coñecen unha rapaza algo máis vella, ex-interna do seu mesmo centro, que se dedica a conseguir citas con adultos nos baños da estación de autobuses, e que lles vai ofrecer gañar algo de diñeiro fácil.



Sábado, 27 / 22:00 h.

WATER LILIES

South Korea, 2024-119 min.

Director: Chanho Lee

Intérpretes: Seung-yeon Lee (Su-yeon), Incheol Park (In-cheol), Na-Kyung Seo (Na-kyung)

Produtor: Ji-yoon Oh

Hyowon, que soña con ser actriz, fuxe a Seúl con Eunseo, á que abandonou na escola secundaria. As dúas mozas entran na cidade en expansión coas súas fráxiles esperanzas, aferrándose ás súas promesas como se fosen un salvavidas. O seu primeiro fogar é un soto, escuro e esbandallado, cun aire denso e pesado, que, con todo, para elas, é un santuario, un niño cheo de posibilidades...

13 Festival Int. de Cine Dixital de Atenas (AIDFF) (Competencia Internacional, 2024)

30 Fest. Int. Cine de Calcuta (KIFF) (Selecc. of: Selecc. Asiática (PREMIO NETPAC), 2024

78 Festival Internacional de Cine de Salerno (Selección oficial de longametraxes, 2024)

36.º Festival de Cine de Girona (Selección oficial de longametraxes, 2024)

3.º Festival de Cine de Europa do Leste (Premio Esp. Mellor Director, longametraxes, set. de 2024)

Festival de Cine de París (Premio á Mellor Dirección Debutante, agosto de 2024)

15.º Festival Internacional de Cine de Louisville (Selección oficial de longametraxes, 2024).



CURTAMETRAXES

Luns, 22 / 22:00 h.


ARACNE (OU A ARAÑA QUE NON PODÍA TECER)

Galicia, 2024-2 min. Animación.

Director: Dani Iglesias

Mostra Universitaria de Cinema e Audiovisual-Brasil 2025

Fancine de Lemos (Monforte de Lemos)-2024



Martes, 23 / 22:00 h.

ENCARNA I HUESO

España, 2024-5min. Animación

Directora: Encarna Hueso,

Blanca López Mayorga

Festival Internacional de Cine de Taxco-México-2025

Festival de Cine de Alicante-2025

Tenerife Noir Festival-2025

Festival de Cinema Curto de Barcelona-2025

Premios Lola Gaos-Valencia-2025

36 Edición Girona Film Festival-2024

Festival de Cine de Madrid-PNR-2024



Mércores, 24 / 22:00 h.

YO VOY CONMIGO

Galicia, 2024-7 min. Animación

Directora: Chelo Loureiro

Ibizacine FEST-2025

Festival Internacional de Cine de Dereitos Humanos-Bolivia-2024



Xoves, 25 / 22:00 h.

BAILE CON LA MUERTE

España, 2024-4 min. Animación

Directora: Carlota Massó

Festival Internacional de Cine de Huesca-2025

Filmets Badalona Film Festival-2024

Sitges Festival Internacional de Cinema Fantastic de Catalunya-2024



Venres, 26 / 22:00 h.

L'ALBERO DEL RICCIO

Italia, 2024-9 min. Animación

Directores: Chiara Sulis, Juan Carlos Concha Riveros

Amity International Film Festival-India 2025

Cinecibo Festival-Italia-2025

Festival Internacional de Cine de Navarra-2023

Premio Hackaton-Italia-2023



Sábado, 27 / 22:00 h.

TESORO

España, 2024-6 min. Animación

Directora: Carmen Álvarez Muñoz

IbizaCine Fest-2025

Animaizon Spain-2024

Thessaloniki Animation Festival-2024-Greece



CINE DOCUMENTAL


17:30h. Deputación Provincial

Luns, 22 / 17:30 h.

TOSHKUA

México, 2022-80 min.
 Director: Ludovic Bonleux
 Música: Manuel Dandy
 Fotografía: Ernesto Pardo
 Productoras: CADALIOTZ, IMCINE

Mary viaxa dende Honduras na procura do seu fillo, migrante e secuestrado en México...



Mércores, 24 / 17:30 h.

RUINAS

España, 2023-26 min.
 Director: Sergio Lara
 Que queda despois das ruínas? Son apenas unha chea de cascotes ou hai algo máis?...



CAMINO ROYA. UN MAPA DE IDA Y VUELTA

España, 2023-15 min.
 Directora: Rocío Rodríguez
 Fotografía: Dani Mauri
 Productora: Andalucía Multimedia

Remedios Sánchez Quirós estudou unha carreira, marchou ao estranxeiro cunha bolsa...



LOS TRAZOS QUE QUEDAN DE TI

España, 2023-24 min.
 Directora: Lia Lugilde
 É posible capturar unha vida nunha chea de cartas e fotografías? ...



TORMENTA DE FUEGO. INCENDIOS EN LA PATAGONIA

Argentina, España, 2024-61 min.
 Dirección: Luciano Nacci, Axel Emilien

No 9 de marzo de 2021, rexistrouse na provincia de Chubut, na Patagonia argentina, o incendio periurbano máis catastrófico de América Latina.



Martes, 23 / 17:30 h.

RECUPERANDO EL CINE 35 MM.

España, 2025-30 min.
 Director: Javier López Velasco
 Productora: Lovelasfilms

Serie documental que pon en valor o patrimonio cultural da provincia de Ciudad Real...



DEOLINDA

Portugal, España, 2025-14 min.
 Directora: Alicia López Méndez
 Productora: Cen Anos Entre Tres Reinos

Sempre traballando, sempre cantando. Ese é o resumo que Deolinda María do Campo...



TRAS LA SUPERFICIE

España, 2024-20 min.
 Director: Iván Fernández González

Os diferentes afectados pola DANA de Valencia contan neste documental a situación real...



NO CONSIENTO

España, 2025-30 min.
 Director: Conrado Escudero Donate

No *Consiento* é un documental en que o xornalista Conrado Escudero indaga a situación actual das agresións sexuais cometidas na adolescencia.




Venres, 26 / 17:30 h.

TAL VEZ NOS VOLVAMOS A ENCONTRAR

España, Uruguai, 2025-72 min.
 Director: Pablo Ranchero

Alberto é un fillo, pai e avó que, cando chega á idade adulta, se fai preguntas que nunca puido facer ao seu propio pai e para as cales xa non pode obter respostas.



HOMENAXES

20:00h. Deputación Provincial

Luns, 22 / 20:00 h.



A SOMBRA DO CASTINEIRO

Galicia, 2025-24 min.
 Director: Marcos Varela
 Intérpretes: María Vázquez, Manuel Cortés
 Fotografía: Luis Medel Hernández
 Productora: Claudia Morón

HOMENAXE A MARIA VÁZQUEZ

O día despois do enterro do seu pai, Manuel agarda a chegada da súa irmá Olalla, coa que leva máis de vinte anos sen falar; os que pasaron dende a morte da súa nai, cando ela marchou da casa sen avisar e para non volver. Olalla regresa coa idea subconsciente de entender a decisión do seu irmán de condenar a súa vida a ficar naquel recóndito lugar do rural galego; cuestión que a el nin lle pasa pola cabeza.

Martes, 23 / 20:00 h.



LA QUIMERA DEL ORO

EE.UU., 1926-95 min.
 Director: Charles Chaplin
 Intérpretes: Charles Chaplin, Mack Swain, Georgia Hale, Tom Murray, Malcom Waite
 Fotografía: Roland Totheroh, Jack Wilson
 Productora: United Artist

CHARLOT, CEN ANOS DE CINE

Obra mestra de Chaplin, na que interpreta un solitario buscador de ouro que chega a Alaska no inicio do século XX na procura de fortuna. Unha forte tormenta de neve fará que se refuxie na cabana dun bandido. En 1942, foi reestreada en versión sonora. A restrea en cinemas en España polo 100 aniversario: 26 de xuño de 2025.

1942: 2 nominacións ao Oscar: Mellor son, BSO (dramática)

Mércores, 24 / 20:00 h.



ATÍN AYA. RETRATO DEL SILENCIO

España, 2024. 78 min.
 Dirección: Hugo Cabezas, Alejandro Toro
 Productor: Fidel Pérez

Considerado o retratista do silencio, o fotógrafo Atín Aya foi unha importante inspiración para a es-

HOMENAXE FOTOGRAFÍA

tética do filme *La isla mínima*. Os directores contan con voces de prestixio da fotografía española para facer unha viaxe pola vida e obra de Atín Aya a través do seu traballo máis recoñecido e de imaxes inéditas.

BACIFI. Bos Aires Festival Internacional de Cine Independiente de Argentina-2025

Muestra Documental Etnográfico Boltaña (Huesca)

Semana de Cine de Córdoba-2024
 Festival de Cine Europeo de Sevilla-2024

Xoves, 25 / 20:00 h.



EL SABOR DE LAS COSAS SIMPLES

Francia, 2022-102 min.
 Director: Slony Sow
 Intérpretes: Gérard Depardieu, Pierre Richard, Kyozy Nagatsuka, Akira Emoto, Sandrine Bonnaire.
 Fotografía: Denis Louis
 Productoras: Stony Pictures, Nompaille Productions

E PARA COMER... LUGO

Logo dunha experiencia próxima á morte, o chef máis recoñecido de Francia bótase á procura do sabor co que un chef xaponés o venceu nun concurso en 1978 cun sinxelo bol de ramen.

Venres, 26 / 20:00 h.



RECUÉRDAME. EL PRINCIPIO DE LA DESCONEXIÓN

España, 2023-40 min.
 Director: José Codina
 Fotografía: Roger Albors
 Música: Alba de Prados
 Intérpretes: José Codina, Mercè Casanovas, Óscar Codina, Dr. Goñi Imízcoz, Alain Hernández, Sandra Cervera, Isabel Valls Domenech, Laia Barcons, Cuerpos de Emergencia y Seguridad.

En xaneiro de 2020, na cidade de Barcelona, comeza a triste e dura historia da realidade de Mercè Casanova e o seu fillo José Codina; unha realidade na que Mercè Casanovas recibiu a visita do ladrón de lembranzas e comezou a precisar toda

a axuda do seu fillo. O doutor Goñi, neurólogo e investigador, explica-nos todas as escalas do alzhéimer e axúdanos a clarificar moitas dúbidas sobre esta doenza. En momentos de esquecemento, nos que estas persoas poden desaparecer, podemos apreciar a axuda e o labor que fan os corpos de seguridade (Mossos d'esquadra, Policía Nacional, Guardia Civil etc.) para encontrar estes pacientes con alzhéimer. Alain Hernández explícanos a historia vivida co seu pai, que padecía esta dura doenza. Sandra Cervera tamén nos relata unha entrañable historia co seu, na que, cantando, nos demostramos que iso é o último que esquecen. E, ao final desta historia real, na que viviremos moi de cerca esta enfermidade, axudaremos a concienciar todo o mundo para que o alzhéimer non caia no esquecemento.

ESPECIAL ALZHEIMER

María Vázquez

A actriz, nacida en Vigo, ten unha extensa carreira cinematográfica. A súa interpretación na película *Mataharis*, dirixida por Iciar Bollaín valeulle o Premio Ollo Crítico de Cinema, o Premio do Círculo de Escritores Cinematográficos e o nomeamento aos Goya como mellor actriz de reparto. Seguíronlle títulos moi importantes entre os que destacamos, *18 Comidas*, dirixida por Jorge Coira, *Doentes*, dirixida por Gustavo Balza e pola que estivo nomeada aos Premios Mestre Mateo como Mellor Actriz de Reparto. *Outro Mais*, dirixida por Ricardo Llovo. *A Praia dos Afogados*, dirixida por Gerardo Herrero. *María e os demais*, dirixida por Nely Guerra. *Trote*, dirixida por Xacio Baño e pola que recibiu o Premio Mestre Mateo á Mellor Actriz Secundaria. *Quen a Hierro Mata*, dirixida por Paco Praza e *Cuñados*, dirixida por Toño López pola que foi nomeada aos Mestre Mateo. Entre os seus últimos traballos están as películas *O Corpo Aberto*, dirixida por Ángeles Huerta, *Sobre todo de noite*, dirixida por Víctor Iriarte, *Honeymoon*, dirixida por Kike Otero e por suposto a película *Matria*, dirixida por Álvaro Gago que lle fixo merecedora do nomeamento aos Premios Forqué, Premios Feroz e Premios Goya de 2024 e gañadora do Premio Mestre Mateo. Recentemente estreou *Os pequenos amores*, dirixida por Celia Rico e *Nós*, dirixida por Helena Taberna. Ten pendente de estreitar *Rondallas*, dirixida por Daniel Sánchez Arévalo. O seu paso pola televisión deixoulle senllos Premios Mestre Mateo á Mellor Actriz Protagonista polas series, *Ou Club da Calceta*, dirixida por Antón Dobao e *Mar Libre*, dirixida por Dani da Torre. Entre os seus outros traballos destacan *Hospital Central* para Tele 5, *O Incidente* para Antena 3, *Código* para TVG. A exitosa *Fariña*, dirixida por Carlos Sedes para Antena 3. As dúas tempadas de *Vivir sen Permiso*, para Tele 5, *Néboa*, para Televisión Española, a serie *Santo* en Netflix e *Apagamento* para Movistar. Acaba de estreitar a serie *O xardineiro* para Netflix. Curtida tamén nas táboas traballou con prestixiosos directores como Andrés Lima que a dirixiu en *O Soño*. Entre os seus últimos traballos están *A leituga*, dirixida por Víctor Duplá, *Fariña*, dirixida por Tito Asorey e *Othelo*, dirixida por Marta Pazos. Despois dunha exitosa xira por toda España en breve estrea en Madrid *Un tranvía chamado desexo*, dirixida por David Serrano.



CINEMA

“RONDALLAS”, dirixida por Daniel Sánchez Arévalo. “NÓS”, dirixida por Helena Taberna. “+ CUÑADOS”, dirixida por Luis Avilés. “ALUMEAMENTO”, dirixida por Pau Teixidor. “SOBRE TODO DE NOITE”, dirixida por Víctor Iriarte. “OS PEQUENOS AMORES”, dirixida por Celia Rico. “HONEYMOON”, dirixida por Kike Otero. “O CORPO ABERTO”, dirixida por Ángeles Huerta. “MATRIA”, dirixida por Álvaro Gago. “CUÑADOS”, dirixida por Toño López. “QUEN A HIERRO MATA”, dirixida por Paco Praza. “TROTE” dirixida por Xacio Baño. “MARÍA E OS DEMAIS”, dirixida por Nely Reguera. “A PRAIA DOS AFOGADOS”, dirixida por Gerardo Herrero. “OUTRO MAIS”, dirixida por Ricardo Llovo. “DOENTES”, dirixida por Gustavo Balza. “18 COMIDAS”, dirixida por Jorge Coira. “MATAHARIS”, dirixida por Iciar Bollaín. “A DAMA BOBA”, dirixida por Manolo Iborra. “A GOLPES”, dirixida por Juan Vicente Córdoba. “A NOITE DO IRMÁN”, dirixida por Santiago de Leanz. “O ANO DA CARRACHA”, dirixida por Jorge Coira. “DESEXO”, dirixida por Gerardo Beira. “SILENCIO ROTO”, dirixida por Montxo Armendariz. “SAN BERNARDO”, dirixida por Joan Pota.

CURTAMETRAXES

“CÉNTRICA, (DÚAS HABITACIÓNS, FENÓMENOS PARANORMALES)”, curtametraxe dirixida por Luso Martínez. “DIN QUE NON FALTAN”, curtametraxe dirixida por Santos Díaz. “O NENO SARDIÑA”, curtametraxe dirixida por Lucía Estévez. “A RABIA” curtametraxe dirixida Alberto Díaz. “A LIÑA POLÍTICA”, curtametraxe dirixida por Santos Díaz. “UNHA VEZ”, dirixido por María Guerra e Sonia Madrid. “O DIARIO DE MANUEL”, dirixido por Chus Gutiérrez. “JESUSITO DA MIÑA VIDA”, dirixido por Jesús Pérez Miranda.

TEATRO

“UN TRANVÍA CHAMADO DEXEXO”, dirixido por David Serrano. “OTHELO”, dirixida por Marta Pazos. “FARIÑA”, dirixida por Tito Asorey. “A LEITUGA” dirixida por Víctor Duplá. “SOÑO”, dirixida por Andrés Lima. “FEMININO SINGULAR”, dirixida por Emilio do Valle. “A EVOLUCIÓN”, dirixida por Rubén Ochandiano. “ANIMAL”, dirixida por Rubén Ochandiano. “A XENTE”, dirixida por Jaume Pérez. “HISTORIAS MÍNIMAS”, dirixida por Víctor Duplá. “QUEN VAL”, dirixida por Sergio Peris Mencheta. “O NOSO POBO”, dirixida por Juan Carlos Corazza.

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

Nomeada a Mellor Actriz Premios Mestre Mateo pola película “Ou corpo aberto”. Biznaga de Prata Mellor Actriz no Festival de Cinema de Málaga pola película “Matria”.

Premio Especial do Xurado no Festival de Cinema de Seattle pola película “Matria”. Premio Mestre Mateo á mellor actriz secundaria pola película “Trote”. Nomeada a Mellor Actriz Premios Mestre Mateo pola película “María e os demais”. Nomeada aos Mestre Mateo como mellor actriz de reparto pola película “Doentes”. Premio Ollo Crítico de Cinema pola película “Mataharis”. Premio do Círculo De Escritores Cinematográficos como mellor actriz de reparto pola película “Mataharis”. Nomeada aos Goya como mellor actriz de reparto pola película “Mataharis”. Premio Ciudad de Santander no Festival de Cinema Deportivo pola película “A noite do irmán”. Nomeada aos Mestre Mateo como mellor actriz de reparto pola película “O ano da carracha”. Nomeada a Mellor Actriz Premios Mestre Mateo pola serie “Augasquentes”. Nomeada a Mellor Actriz Premios Mestre Mateo pola serie “Hospital Real”. Nomeada a Ninfa de Ouro no Festival Internacional de Televisión de Montecarlo como Mellor Actriz pola serie “Pai Casares”. Premio Mestre Mateo á mellor actriz protagonista pola serie “Mar Libre”. Premio Mestre Mateo á Mellor Actriz Protagonista pola serie “O Club da Calceta”. Premio á mellor interpretación de repartición no festival internacional de Kentucky pola curtametraxe “Jesusito da miña vida”.

TELEVISIÓN

“O XARDINEIRO”, serie producida por DLO Produccións para Netflix. “APAGAMENTO”, capítulo “A Lentitude”, dirixido por Isaki Lacuesta para Movistar Plus. “APAGAMENTO”, capítulo “O Xestor”, dirixido por Rodrigo Sorogoyen para Movistar Plus. “SANTO”, producida por Nostromo para Netflix. “NÉBOA” Serie de Voz Audiovisual para TVE “VIVIR SEN PERMISO”, 2ª Tempada. Serie de Alea Media para Telecinco. “PAZO DE FAMILIA” serie de Central Contidos para TVG. Tempada 7ª. “FARIÑA” dirixida por Carlos Sedes de Bambú Produccións para Antena 3 Televisión. “AUGASQUENTES”, Ficción Produccións para TVG, dirixida por Jorge Cassinello e Alfonso Zarauza. “HOSPITAL REAL”, dirixida por Jorge Cassinello para TVG. “O INCIDENTE”, para Antena 3 Televisión. “CÓDICE”, dirixido por Jorge Cassinello para TVG. “A FUGA”, BocaBoca para Telecinco. “A ESCOBA”, dirixido por Mariana Carballal para TVG. “PAI CASARES”, para TVG. “MAR LIBRE”, dirixido por Daniel da Torre para TVG. “HOSPITAL CENTRAL”, Tele 5. “O CLUB DÁ CALCETA”, dirixido por Antón Dobao para TVG. “AS LÉIS DE CELAVELLA”, para TVG. “A MARINEIRA”, dirixido por Antón Dobao para TVG. “AO FÍO DA LEB”, para TVE. “A VIDA DE RITA”, dirixido por Manolo Iborra para TVE. “FIOS”, dirixido por Suso Iglesias para TVG. “O COMISARIO”, para Tele 5. “COMPAÑEIROS”, para Antena 3 Televisión. “RAQUEL BUSCA O SEU SITIO”, para TVE. “AO SAÍR DE CLASE”, para Tele 5.

(Trama Films)

'Recuérdame Alzheimer, el principio de la desconexión':



O documental que visibiliza as etapas máis duras da enfermidade

O alzhéimer é unha enfermidade neurodegenerativa que ten un profundo impacto, non só na persoa que a padece, senón tamén nos seus seres queridos e amigos próximos. A perda progresiva de funcións cognitivas importantes, como a memoria, fai que a persoa que coñecemos vaia desaparecendo gradualmente. O compoñente humano e emocional desta enfermidade é moi poderoso, especialmente para os membros da familia que tamén se dedican ou participan no coidado, e que son testemuñas da vida cotiá e a progresión do alzhéimer.



Este é o caso de José Codina, creador do proxecto "Lémbreme, o comezo da desconexión", no que comparte a experiencia da súa familia a través dun documental conmovedor que, nas súas propias palabras, "pretende facer visible a realidade da enfermidade para que poida servir de apoio e xerar unha maior comprensión e conciencia social". A nai de José Codina foi diagnosticada con alzhéimer aos 70 anos, pouco despois da morte do seu marido. Un momento que José lembra ben polo seu impacto nel, e a sensación de non estar preparado para afrontalo debido á falta de coñecemento e apoio que pode producirse nestes casos. José pasou de traballar

como técnico sanitario a ser o coidador principal da súa nai, e tamén testemuña da progresión do alzhéimer nun ser querido. Ser testemuña principal deste proceso é precisamente o que o levou a facer o documental "Lémbreme, o comezo da desconexión", que plasmaría a vida cotiá de nai e fillo. De coidadora e paciente.

Mercé Casanovas, a nai de José, faleceu só un ano e medio despois do diagnóstico. Como homenaxe, pero tamén como unha forma de dar visibilidade á vida cotiá dunha persoa con alzhéimer e dos seus máis próximos, José decidiu producir o documental, no que participan outros actores implicados na atención e asistencia de persoas con alzhéimer, como a Policía Nacional e a Garda Civil, os Servizos Médicos de Urgencia (SEM), bombeiros e mesmo algunhas personalidades que tiveron contacto a través de familiares coa enfermidade, como Ahikar Azcona, actor que aparece en series como "A casa do diñeiro", e a cantante Gisela, entre outros. O valor deste proxecto reside na proximidade e naturalidade coa que mostra as diversas situacións que as persoas con alzhéimer e as súas familias e coidadores viven a diario. Esta é unha das mellores maneiras de mostrar a realidade que miles de persoas en España e en todo o mundo experimentan cada día.

"O alzhéimer é 24 horas ao día, 7 días á semana".

"Este documental foi un esforzo profundamente intenso para Daniel e a súa muller, Eva. Dende o principio, estivemos involucrados non só como cineastas, senón tamén como persoas conmovidas pola historia real de Mercé e o seu

fillo José. Acompañalos coa cámara foi un acto de respecto, escoita e presenza. Daniel achegou a súa sensibilidade, a súa perspectiva honesta e o seu compromiso de contar unha historia humana a cada plano. Hoxe, nin el nin Mercé están connosco, pero este documental captura ese proceso íntimo e vital que vivimos xuntos. Ser finalista no Festival de Cine de Lugo é un recoñecemento que celebro polo que significou facer que isto funcionase: construír memoria a través do cine, e facelo en equipo, con amor e verdade. Eva González (Produtora de Algodigital).

A organización da 47ª Semana de Cine tamén quere agradecer ás seguintes organizacións a súa colaboración desinteresada na mesa redonda e debate da película: Academia Galega de Enfermaría (AEG), Colexio Oficial de Enfermaría de Lugo (COE), Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFALU), Servizo de Xeriatria do Hospital Universitario Lucus Augusti (Hula).



Homenaxe a Mercedes Vázquez Saavedra

O Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá vén recoñecendo anualmente, desde o ano 2019, a obra daqueles fotógrafos da provincia de Lugo que realizaron a súa actividade fotográfica, como profesionais ou afeccionados, durante unha gran parte da súa vida. Este ano



a distinción é para Mercedes Vázquez Saavedra (Sarria 1949), fotógrafa amplamente coñecida polos seus traballos, por espazo de tres décadas, sobre o mundo das máscaras, mundo que é descrito pola propia Mercedes como: "Un espectáculo de cor, plasticamente un luxo para cal quera tipo de artista: pintores, fotógrafos, poetas, calquera pode atopar be leza nas manifestacións onde saen máscaras á rúa, pero todo depende da autenticidade das manifestacións". Entre as súas múltiples exposicións fotográficas destacan *Viaxe polo mundo da máscara*, que recolle unha recompilación fotográfica por diferentes entroidos de España e Portugal. *Mulleres*, onde retrata mulleres do mundo rural, tanto de Galicia como de Portugal. *Traballos do campo*, consistente nunha documentación dos labores



agrícolas da zona da raia portuguesa. É autora das fotografías de diversas publicacións como *Pobra do Brollón* (2000), *Guía da Ribeira Sacra* (2001) e *O Courel* (2003). No ano 2023 foi recoñecida co *Premio Mestra da Memoria*, outorgado pola *Asociación de Escritores en Lingua Galega*.

A radio da nosa vida a nosa vida na radio


En outubro de 1935 naceu oficialmente a emisora E.A.J. 68, Radio Lugo. Incorporábase a cidade de Lugo ao grupo de cidades que posuían unha emisora que enchía de sons, de palabra e de música, os aires do mundo e a vida das xentes.

A Semana de Cine de Lugo celebra esta efeméride cun mes de antelación, para poñer de manifesto o especial papel da radio na capital lucense, coa exposición “A RADIO NA NOSA VIDA”, dando protagonismo a persoas que teñen o privilexio de poder falarnos de “A NOSA VIDA NA RADIO”.


Tendo en conta que na maior parte do século XX o protagonismo radiofónico estivo exercido especialmente por Radio Lugo (65 anos) e por Radio Popular de Lugo (34 anos),

nas dúas emisoras centramos a atención, e ademais de reflectir a presenza na prensa escrita da Radio que nacía aquel 1935, reflectimos, contada polos seus protagonistas: unha vida en Radio Lugo (Tonina Gay), outra vida en Radio Lugo primeiro e logo en Radio Popular (Paco Rivera Cela), e outra máis en Radio Popular (Chema Vázquez Losada), ademais dunha lembranza a Marcial González Vigo como exemplo de creador de contidos radiofónicos, feita por Xulio Xiz.

O nacemento da radio foi un acontecemento social de primeira orde: era pasar do silencio á plenitude do son. A sociedade lucense adquiría un dos seus sentidos esenciais. Noventa anos despois, Lugo ten moito que celebrar. E a Semana de Cine tiña que deixar constancia



Tonina Gay



Paco Rivera Cela



Chema Vázquez Losada



Marcial González Vigo

daquel feito histórico que tanta riqueza sonora, cultural e social deparou, depara e seguirá enchendo -de palabra, de música, de compañía, de vida...- o noso desenvolvemento vital.

CINE ESPAÑOL INÉDITO

17:30h./20:00h. Biblioteca Provincial

Luns, 22 / 17:30 h.

LA SOMBRA DEL QUEBRANTAHUESOS

España, 2024-83 min.
Director: Luisje Moyano
Intérpretes: Carlos Ann, Óscar Cabrera, Rafa Castillo, Anaia Fernández.
Música: Jesús Calderón



A aparición duns restos humanos nunha cova da pequena poboación de Segura leva o periodista Álvaro Noguera a desprazarse cara a esta localidade en busca de respostas sobre este achado. Durante esta viaxe profesional, que tamén é persoal porque os seus falecidos pais naceron neste concello do que marcharon misteriosamente antes do nacemento de Álvaro, o protagonista comeza a vivir un prometedore romance, ao tempo que tenta desvelar un segredo que os veciños de Segura levan ocultado celosamente dende hai máis de tres décadas.

Martes, 23 / 17:30 h.

EL INSTINTO

España, 2025-92 min.
Director: Juan Albarracín
Intérpretes: Javier Pereira, Fernando Cayo, Eva Llorach
Produtoras: Twin Freaks Studio, Horizon Media, Pópulos Films, Trilita Films.
Distribuidora: Barton Films




A carreira como arquitecto de Abel está en grave perigo por causa da agorafobia que padece. No estudio danlle un ultimato para que traballe de forma presencial, como queren os clientes. O tratamento psicolóxico que segue non dá resultados e o único ao que se pode agarrar é á oferta que lle fai Jose, un experto adestrador de cans. Abel debe decidir entre rexeitar a oferta e rematar a súa prometedora carreira ou someterse ao tratamento do adestrador canino.

Xoves, 25 / 17:30 h.

HYBRIS

España, 2024-100 min.
Director: David Rubira
Intérpretes: Miguel Hermoso, Sandra Arpa, Sergio Otegui, Tarik Saornil, Pedro Girón, Joel López, Mar Calvo, Raquel Fariás.
Produtora: Artetika Production




Román denuncia ó seu fillo logo de que este desapareza coas xoias da súa nai. Sergio, policía e íntimo amigo da familia, faise cargo da investigación. Con todo, tras aducir a morte do seu fillo, Román encoméndase tamén a Axel, un mozo conflitivo a quen encarga seguir a pista do asasino. Axel, que, pola súa banda, ten outros plans para a familia, descoñece ata que punto en realidade está relacionado co caso.

Luns, 22 / 20:00 h.

LAS LECHUZAS SOLO SALEN POR LA NOCHE

España, 2025-99 min.
Director: José López Tortola
Intérpretes: Carmen Pareja, Miriam Garrido, Mari Pareja, Dolo García, Pedro A. Núñez, Dioni Martínez, Pedro J. García.
Produtora: Artistas Sin Fronteras



Andrés e Fermín son uns policías mozos que se enfrontan co peor caso da súa carreira profesional: un asasino en serie do que unicamente coñecen a sinatura no lugar do crime e a súa obsesión polas mulleres novas. O seu ascenso e prestixio, así como o do seu comisario, penden dun fio. As mortes sucédense, e precisarán de todo o seu enxeño e experiencia para resolver o misterioso asunto.

Martes, 23 / 20:00 h.

AMOR EN TODA LA CARA

España, 2024-95 min.
Director: Gerald B. Filmore
Intérpretes: Gerald B. Filmore, Vanessa Benavente, Tito Valverde, William Miller, Melanie Geen.
Produtoras: Yo Media, The Aurora Project Entertainment, Amor en toda la cara AIE, Filmika Audiovisual



Danny (español) e Ana (mexicana) acaban de empezar unha relación en Los Angeles. Danny viaxa a España para renovar o seu visado cando a pandemia da covid comeza e fai imposible regresar a Estados Unidos. El queda en Madrid confinado co seu pai, que case non atura; ela en Los Angeles descubriendo que está embarazada. Sobrevivirá a relación á distancia todo isto?

Venres, 26 / 17:30 h.

LOS HEREJES

España, 2024-90 min.
Director: Jesús Equia Armenteros
Intérpretes: Alicia Pilarte, Nadav Malamud, Alejandro Cano, Marivi Carrillo, María Capas, Sandra Velazquez, Fernando Gallego



Catro parellas en crise acoden a un retiro de amor conxugal multirelixioso. Cada participante leva unha idea moi clara do que esperar conseguir. Con todo, as estrañas tarefas que lles encomendan os monitores estragan continuamente os seus plans persoais. O desconcerto aumenta cando os propios monitores deixan de ocultar os seus conflitos, o cal obriga cada participante a asumir unha responsabilidade inesperada a pesar das consecuencias.

90 ANOS DE RADIO EN LUGO

17:30h. Biblioteca Provincial



Mércores, 24 / 17:30 h.

A SOLAS CON FARID

España, 2025-25 min.
Director: Alberto Ortega
Intérpretes: Hamza Zaidi, Mariana Cordero, Lola Baro, Antonio Fernández Ruiz, Mara Torres, Eloy Zamora.
Fotografía: Alberto González Casal
Produtor: Charlie Arnaiz, Irene Morate, Dadá Films & Entertainment, Cruz Roja

Farid, un mozo migrante en España, únese como voluntario á Cruz Vermella para combater a soidade. Alí coñece a Rosalía, unha xornalista xubilada que o agasalla cun vello transmisor de radio, despertando nel a lembranza do seu pai e o seu amor por contar historias. Inspirado, Farid crea un programa de radio comunitario para conectar a súa veciñanza. Malia a súa estreia ser desalentadora, coa praza baleira, Rosalía animao e mobiliza a comunidade. O programa vai gañando popularidade aos poucos e transforma a praza nun punto de encontro, demostrando así o poder da unión e o impacto comunitario da radio.



Lembranza de amigos: Fóisenos Manuel Lourenzo

Vén de deixarnos Manuel Lourenzo Pérez, lucense, escritor, actor, director, home do teatro e do cine; amigo.

O titular que lle dedicou El Progreso, dicía que “A CULTURA GALEGA CHORA A MORTE DO ACTOR E DRAMATURGO LUCENSE, MANUEL LOURENZO”, mentres La Voz de Galicia titulaba: “UN XIGANTE DO TEATRO GALEGO E AUTÉNTICO MESTRE DE VARIAS XERACIÓNS DE ACTORES”. Premio nacional, a súa figura popularizouse como Melgacho en “Mareas vivas”.

Completaba El Progreso o seu titular indicando que era natural de Ferreira de Valadouro, morreu na Coruña aos 82 anos, participou en medio cento de series e películas, e gañou o Premio Nacional de Literatura Dramática en 1997.

Era un home modesto, tranquilo, entregado, amigo de Fonmiñá e da Semana de Cine. En a Semana de Cine do 2014 rendémoslle homenaxe cun libro sobre a súa vida e obra, escrito polo Director da Semana, Manuel Curiel.

Primeiramente era un home do teatro, onde foi director, autor, actor, chegando a promover unha sala na cidade de A Coruña, teatro permanente como proba de dedicación e amor á arte dramática. Foi poeta, e foi home do cine, destacando na súa inxente filmografía o entrañable papel de Melgacho, o vello pescador de “Mareas vivas”.

Descanse en paz o fillo predilecto do Concello do Valadouro, que descubriu o teatro de neno no Salón Cinema de Ferreira, e á escena dedicou toda a súa vida, contribuíndo a facer felices a milleiros de persoas devotas da súa

arte, conquistados polo seu xeito de ser e de vivir. Descanse en Paz o amigo de Lugo, da Semana de Cine, de Fonmiñá, que deixa en nós memoria de artista, de home sinxelo, de cabaileiro das Artes, ao que despedimos con emoción e o maior dos agarimos.



CINE GALEGO (LONGAMETRAXES)


18:00h./20:00h. Sala Xunta Galicia

Martes, 23 / 18:00 h.

O MÉDICO DOS POBRES

Galicie, 2024-63 min.
Director: Federico A. Riocobo


O fio condutor deste documental parte do libro *Siembra y memoria. Muerte y evocación de un médico republicano*, escrito por José Luis Díaz, sobriño do protagonista. José Luis iniciou a investigación da vida do seu tío a partir da descuberta dunha nota manuscrita en lapis que de forma casual atopou entre documentos familiares no ano 1978.



CORRE O VENTO

Galicie, 2024-30 min.
Dirección: Paula Fuentes, Guillermo Carrera

Vilar do Courel é unha pequena aldea agochada entre as montañas luguesas, que, cos seus últimos alentos, resiste a desaparición provocada polo despoboamento e o avellentamento do mundo rural. Os seus tres últimos habitantes son os gardiáns dun espazo sen tempo, que transita o seu pasado e mira cara ao futuro dende un presente baleiro, inmóbil e fráxil.



Martes, 23 / 20:00 h.

QUIERES SALIR PUEDES ENTRAR

España, Cuba., 2025
105 min.
Director: Pablo Villalobos Leal

Carlos Oroza, poeta maldito e xenio único, foi acusado de todo e maxinado por unha sociedade que non soubo entendelo. Fixo do Café Gijón o seu refuxio, cun só ídolo: el mesmo. O seu desprezo ao establecido era un berro de liberdade e rebeldía. «Aprendín a ler nos letreros luminosos da cidade», dicía, tornando a súa exclusión nun acto poético e a súa vida nun misterio sen rastro humano»



Festival Internacional Play-Doc-Tui 2025

Mércores, 24 / 18:00 h.

SEN ALMA


Galicie, 2024-71 min.

Director: Iago Barrado

Intérpretes: Cristina Leiras, Daniel Otero, Fran Nogueira, Iñigo Trigo, Isabel Fidalgo, Jorge Gallardo, Rosa Facal, Gonzalo Amerelle

Unha variante do virus da rabia infectou a poboación mundial. Agora, nun mundo cheo de infectados, tres irmáns fan todo o posible para sobreviviren e reunírense.

8º CBFF-Festival de Cine de Vigo



Mércores, 24 / 20:00 h.

OS ESPAZOS EN BRANCO

Galicie, 2024-77 min.

Director: Bruno Arias

Intérpretes: Lidia Veiga, Sheyla Fariña, Melania Cruz

As persoas somos o que somos por quen nos inspira. Desde o momento en que nacemos, os reflexos da xente que admiramos, das nosas referencias, constrúen as nosas personalidades, intereses e ambicións.



TESTEMUÑAS DUNHA ILLA

Galicie, 2025-20 min.

Dirección: Borja Duarte Quintáns, Elian Mercedes Antigua, Guillermo Artero

Intérpretes: Xoán Dopico, Andres Torres, María Carmen Outeda, Benigno Chaves, Elvira Dios.

En setembro de 1985, un acontecemento mudaría para sempre o modo de vida dos habitantes da Illa de Arousa: a construción dunha ponte que a conectaba co resto do continente. As liñas eléctricas, a dispoñibilidade de auga quente ou o transporte eran algunhas das complicacións que había ata entón...



Xoves, 25 / 18:00 h.

TE SEPARAS MUCHO

España, 2024-67 min.

Directora: Paula Valeiro

Intérpretes: Jose Luis Pérez Veleiro, Joy Thomas, Paula Veleiro, Luz María López Castro

En 1989, José Luis e Luz María, un matrimonio novo que vive en Galicia e acaba de ter unha filla, divorciáse. José Luis filma todo o proceso de ruptura coa súa cámara. En 2019, a súa filla Paula, que vive en Francia dende hai dez anos coa súa moza Joy, sepárase. Festival Internacional de Cine de Gijón/Xixón-2025



CURMÁN

Galicie, 2025-24 min.

Director: Alejandro Jato

Intérpretes: Xurxo Cuquejo, Brais Sixto, Melania Cruz, Deniz Gómez, Susana Sampedro, Alba Blanco, Machi Salgado

Antón viaxa á aldea dos seus avós para recibir a primeira comunión. Alí, mentres celebra coa súa familia este día tan especial, un novo xeito de ollar para o mundo que o rodea comezará a tomar forma dentro del.

2025 - Mellor Película Festival de Cans (Mellor actriz, Mellor fotografía, y Premio do Xurado de Veciños).



Xoves, 25 / 20:00 h.

FILMEI PAXAROS VOANDO

Galicie, 2024-100 min.

Directora: Zeltia Outeiriño

Intérpretes: Socorro González González, Pepe Outeiriño, Antonio Outeiriño, Concha Outeiriño, Marcos Outeiriño González. Despois de vinte anos vivindo en Barcelona, Zeltia regresa a Galicia para filmar a memoria do seu admirado tío Antonio, un artesán téxtil galeguista gay que viviu intensamente nos anos oitenta. Este regreso provocou o reencontro coa súa nai, Socorro, unha muller moi conservadora que Zeltia rexeitaba.



Venres, 26 / 18:00 h.


A SOMBRA DO CASTIÑEIRO

Galicie, 2025-24 min.

Director: Marcos Varela

Intérpretes: María Vázquez, Manuel Cortés
Fotografía: Luis Medel Hernández
Produtora: Claudia Morón

O día despois do enterro do seu pai, Manuel agarda a chegada da súa irmá Olalla, coa que leva máis de vinte anos sen falar; os que pasaron dende a morte da súa nai.



COUTO MIXTO

Galicie, Portugal, 2024-28 min.

Director: Joao Gomes

Intérpretes: Diana Costa e Silva, Ruben Dias, Brais Abad, Sara Ribeiro

Rubén introduce a Clara ao Couto Mixto, un enclave histórico cunha identidade híbrida galega e portuguesa. Foi neste lugar onde Sara, a irmá de Clara, viviu un singular momento de paz antes de falecer.



Venres, 26 / 20:00 h.

A TAREA

Galicie, 2025-28 min.

Director: Alfonso Odonell

Os furtivos e o cambio climático están a acabar coa ameixa fina e a ameixa branca nas rías galegas. Un grupo de mariscadoras a pé loitan por remediar este desequilibrio.



NON SINTO A FORMA

Galicie, 2024-23 min.

Director: Óscar Silva

Intérpretes: Noa Casas, Paloma Sanmartín, Javier Castiñeiras, Noelia Pampín, Nymeria

Nunha peza carente de rostros as mans e o espazo encheno todo. Noa, unha moza en conflito, presenza a morte da súa moza, Lúa. Na súa casa tende a roupa, come, le e durme, pero hai algo que lle falta.



O Nadal en setembro: Fonmiñá e o Belén de Begonte

Cando a Semana de Cine naceu (1979), o Belén de Begonte cumpría sete anos. E desde entón, non deixou de medrar: en número de visitantes, en sona, en relevancia social.

Fonmiñá, en cada Semana de Cine, vincúlase a algún acontecemento para poñer de manifesto o seu papel na sociedade, a súa relevancia en Lugo e en Galicia... para, apoiando a algo ou a alguén, facer máis visible diante dos lucenses os temas transcendentales, os feitos relevantes, que acontecen preto de nós.

Prestando atención ao Belén de Begonte, abrimonos a un feito audiovisual que moitos

lucenses coñeceron de nenos, foron logo de mozos, e hoxe acompañan aos seus fillos ou netos, porque forma parte das nosas vivencias, da nosa historia social.

E facelo no mes de setembro, moito tempo antes do Nadal, ten que ver co feito de que en Begonte o Nadal hai moitos anos que vén durante dous meses, e que o Belén aspira a unha desestacionalización razoable para que os visitantes poidan acudir, senón en calquera momento do ano, nun período máis amplo do que xa é habitual.

O Belén aproveita, así mesmo, este vencello que a Semana de Cine establece, para presentar as novidades que se rexistrarán nesta próxima edición tanto no Belén como no Museo José Rodríguez Varela, que honra a memoria do seu creador.

E a Semana de Cine, á que nada vivo é alleo, aproveita este achegamento para convidar a todos os cinéfilos a acudir a Begonte para comprobar por que se lle chama "Begonte do Belén" e desexar a todos -sempre é bo momento- un próximo Bo Nadal.

CINE DE NADAL "O BELÉN DE BEGONTE"

- ANIMACIÓN -

16:00h. Sala Xunta Galicia

Martes, 24 / 16:00 h.

NICO, EL RENO QUE QUERÍA VOLAR

Finlandia, 2008
75 min. Animación
Dirección: Michael Hegner, Kari Juusonen
Música: Stephen McKeon
Produtoras: Cinemaker Oy, Anima Vitae, A. Film, Animaker, Europool, Magma Films Ltd, TV2, Ulysses, U.F.A, The Weinstein Company, YLE/SARI Volanen, ZDF Studios, Studio Rakete

O pequeno Nico é fillo dun dos renos que puxan do trineo de Papá Noel. Desexa con todas as súas forzas voar e coñecer o seu pai. Por iso decide ir na súa procura. Na súa aventura, acompañano Julius, un esquí voante, e Wilma, unha descarada donicela que os guiará ata as montañas de Papá Noel.



Mércores, 25 / 16:00 h.

SE ARMÓ EL BELÉN

EE.UU., 2007
86 min. Animación
Dirección: Timothy Reckart
Música: John Paesano.
Canción: Zara Larsson
Produtoras: Sony Pictures Animation, Franklin Entertainment, Affirm Films, Jim Henson Company, Walden Media, Columbia Pictures

Bo é un burriño pequeno, pero valente, que anela unha vida alén da súa rutina diaria no muiño da aldea. Un día, reúne a coraxe para cumprir a aventura dos seus soños. Na súa viaxe, coñecerá a Ruth, unha adorable ovella que perdeu o seu rabaño, e a Dave, unha pomba con grandes aspiracións. Polo camiño, no que seguen unha estrela moi especial, tamén se atoparán con tres camelos e outros excéntricos animais.



Xoves, 26 / 16:00 h.

ARTHUR CHRISTMAS, OPERACIÓN REGALO

Reino Unido, 2011
100 min. Animación
Dirección: Sarah Smith, Barry Cook
Música: Harry Gregson-Williams
Produtoras: Aardman, Sony Pictures, Sony Pictures Animation
Papá Noel cre que o seu reinado está a chegar á súa fin e que se achega xa a hora de xubilarse.
2011: Globos de Ouro: nominada a Mellor longametraxe de animación / 2011: Premios Annie: Mellor dobraxe. 6 nom., incluíndo Mellor filme / 2011: Critics Choice Awards: nominada a Mellor filme de animación / 2011: Premios BAFTA: nominada a Mellor filme de animación / 2011: Asociación de Críticos de Chicago: nominada a Mellor filme de animación



Venres, 27 / 16:00 h.

TEDDY, LA MAGIA DE LA NAVIDAD

Noruega, 2022
78 min. Animación
Dirección: Andrea Eckerbom
Música: Stein Johan Grieg Halvorsen, Eyvind Andreas Skeie
Produtoras: Fantefilm
Distribuidora: Blue Fox Entertainment, Capelight Pictures, Capella Film

A paz natalicia cae sobre a pequena vila, mais no mercado de Nadal hai unha actividade frenética. Mariann descubre un oso de peluche no estante superior. Está vivo? Mariann debe conseguir o peluche como sexa. Pero Teddy quere ir cunha familia rica.



XLVII SEMANA de CINE

MARÍA VÁZQUEZ
22-27 SET. 2025
LUGO

AS CURTAS TAMÉN SON CINE

17:30h. Vello Cárcere

(Practicamente a totalidade das películas que se exhiben nesta Sección da Semana de Cine obtiveron premios nos máis importantes festivais onde foron presentadas. Para non influir no espectador á hora de emitir o seu voto para elixir a Mellor Película, o Xurado de Selección e o Comité Organizador, decidiu omitir aquí os Festivais e Premios obtidos por cada unha das películas que se presentan).

Luns, 22 / 17:30 h.



OLIVIA
España, 2023-10 min.
Director: Fran Expósito
Fotografía: Daniel Jiménez
Interpretes: Antonio Martín, Inés Luna, Lola Garzón



3000 ELEFANTES
España, 2025-17 min.
Director: Miguel Piedraíta, Israel Carrillo
Fotografía: María Mun
Sonido Borja Murel
Música: Borja Murel
Interpretes: Jorge Asín, Llum Barrera, Gonzalo Piedraíta, Marina Larrodera, Yayo Bonilla, Laura de la Calle



LA MORT
España, 2024-13 min.
Director: Jesús Martínez
Interpretes: Luisa Gavasa, Pepa Anierte, Manu Menárguez, Ainhoa Gracia
Fotografía: Javier Lara
Música: Fete Clemente




PERIQUITOS
España, 2023
7 min. Animación
Director: Alex Rey




YUNGAY
España, 2024
7, 30min. Animación
Directora: Marisa Bedoya



NO TE ATREVAS A FILMARME AHORA
EE.UU., 2024-12 min.
Director: Cade Feathertone
Interpretes: Judith Robert
Produtor: Karen Madar



OSTRAS
España, 2024-11 min.
Director: José Antonio Olivares
Interpretes: Alba Ferrara, Alain Kortazar, Jose Freán Ríos, David Pinila



CUADRO
España, 2023-4 min.
Dirección: Anatel Pérez
Interpretes: David Aldana, Josetxu Del Portillo, Nayra Ortega



PARÍS 70
España, 2024-13 min.
Director: Dani Feixas
Interpretes: Luisa Gavasa, Alain Hernandez, Neus Asensi

Martes, 23 / 17:30 h.



EL GUIONISTA (LO SCENEGGIATORE)
Italia, 2025-8 min.
Director: Mark Petrasso
Interpretes: Lorenzo Domici, Elena Piccardi, Adriano Favi, Lorenzo Carcasci




LOS ARMARIOS, NO SE VACÍAN SOLOS
España, 2024-18 min.
Directora: Paula Laborleta
Interpretes: Ana Laborleta, Malena Casada, María José Moreno



JULIETA DE BOMBILLAS
Alemania, 2024
6 min.
Director: Dave Lojek
Interpretes: Antonina Geral, Maxime Cozlie



EL PADRE SONADO
España, 2024-15 min.
Director: Pepe Tosar
Interpretes: Pep Tosar, Avelyn Arévalo, Bel Escudero, Joan Arto



EL BOSQUE INTRADUCIBLE (THE UNTRANSLATABLE FOREST)
EE.UU., 2024-2 min.
Director: Iván Miguel



MOVIMIENTOS MIGRATORIOS
Brasil, 2024-14 min.
Director: Rogério Cathala
Interpretes: Arturo Campos Begazo, Bertrand Duarte, Amós Heber, Tarsila Carvalho, Cibebe Marina



LU Y EL FANTASMA
España, 19 min.
Director: Fernando García Pliego
Interpretes: Alina Orban, Vera España, Rocio García Cano, Ricardo Mendoza



APAGADA
España, 2024-5 min.
Director: Guillermo Rojo
Interpretes: Sonia Cuesta, Guillermo Rojo



ATARDECER EN PARÍS
España, 2024-10 min.
Directores: Roberto F. Canuto, Xiaoxi Xu
Interpretes: Pelayo Carrizo, Paula Lasheras

Miércoles, 24 / 17:30 h.



YELLOW SKRULLS
Colombia, 2024
10 min. Animación
Director: Germán Oswaldo Jiménez Lozano



UN NIÑO ESCUCHA
España, 2024-17 min.
Director: Pedro Moraelche
Interpretes: Juanjo Artero, Mercedes del Olmo, Javier Páez



DESCARTADAS LAS OPCIONES MÁS SENCILLAS
España, 2025-19 min.
Director: Jesús Caro
Interpretes: Nora Sala-Patau, Luna Pamies



LAS CUCARACHAS
España, 2024-17 minutos
Directora: Ainhoa Aldanondo
Interpretes: Ramón Barea, Ainhoa Aldanondo



QUINQUI
España, 2024-10 min.
Director: Luis Saavedra
Interpretes: Deborah Martínez, Angelines Becerri, Ayur Quidu, Juan Rueda



CHIQUITA PICONERA
España, 2024-12 min.
Dirección: Mey Montero
Interpretes: Helena Martín, Lucía Fernández, Jimena Toledo




MARCIANO
España, 2025-19 min.
Director: Luis Arrojo
Interpretes: Fernando Martínez, Pepe Carrasco, Elio Smithz



SER UN NIÑO
España, Chile, 2024
10 min.
Directora: María Carolina Quintana
Interpretes: Santino Diabuno Tirado, Luciana Oyanedel Castillo, Christian Cancino Budini, Alejandra Tirado Martínez, Jorge Calvo, Joaquín Toledo, Felipe Naranjo

Xoves, 25 / 17:30 h.



VIDEOCLUB 2001
España, 2025-16 min.
Director: Guillermo Polo
Interpretes: Catalina Sopelana, Antonia San Juan, César Tormo, Pino Montedeoca, Nacho Errando



LA NIÑA TATUADA
España, 2024-14 min.
Directora: Elisa Lanzas
Interpretes: Carla Quilez, Ramón Pujol, Elizabet Mari Francés, Juulia Carmona, Pep Linares



L'ULTIM COMBAT (EL ULTIMO COMBATE)
España, 2024-20 min.
Director: Joan Pauls Verges
Interpretes: Lluís Marco, Martí Ribot, Óscar Muñoz, Pep Ferrer, Marta Marco



IMAGO
España, 2024-11 min.
Director: Rafa Dendrá Oliver
Interpretes: Laura P. Gracia, Raúl Delacruz




TANGO SIESTA
Croacia, 2024
11 min.
Director: Dinko Bozanic



PLANETAGATIK
España, 2024-10 min.
Director: Eneko Muruzabal Elezcano



TIENES UN MINUTO?
España, 2025-4 min.
Director: Yago Casariego



CASTING
España, 2024-7 min.
Director: Víctor Devesa

Venres, 26 / 17:30 h.



CARMEN Y LA CUCHARA DE PALO
España, 2024-20 min.-Animación
Directores: Carlos Gómez, Mira Sagrado




BACANAL PROHIBIDA
España, 2024-18 min.
Director: Anxo Toxo



SOLO LOS MUERTOS SE QUEDAN
España, 2024-20 min.
Director: Alejandro Renedo Villagrán



CAVA
España, 2024-11 min.
Director: Fandro (Alejandro López)



JUEVES DE MARZO
España, 2024-17 min.
Director: Luis Murillo Arias



NI LOBOS NI CORDEROS
España, 224-12 min.
Director: José Luis Acosta



LA FUERZA
España, 2024-12 min.
Dirección: Cristina Martín Barcelona, María José Martín Barcelona.
Interpretes: Tristán Ulloa, Omar Banana, Nourdin Batan, Antonio Mayo



L'ACQUARIO
Italia, 2024-14 min.
Director: Gianluca Zonta
Interpretes: Giovanni Anzaldo, Barbara Venturato

Sábado, 27 / 17:30 h.



ADIÓS
España, Reino Unido, 2024-8 min.
Animación
Director: José Prats



EL OTRO
España, 2024-18 min.
Director: Eduard Fernández Serrano
Interprete: Eduard Fernández Bruno Sanz, Vicente Sánchez



IUS DEL TIEMPO
España, 2025-25 min.
Directores: Roberto F. Canuto, Xiaoxi Xu.
Interpretes: Manuel Pizarro, Pelayo Carrizo, Andy Almar, Laura Ubech, Martina Bueno, Pablo Valdés



LA GAUCHADA
España, Argentina, 2024-11 min.
Directores: Gastón Calvari, Juan Follonier.
Interpretes: Alejandro Codina, Viviana Espinosa, Marcela Ruiz, Mirko Buchin, Raúl Calandra, Judith Ganon, Julio Chianetta



LA ROSA
España, 2025-12 min.
Directores: Gonzalo González Undurraga, Ingrid Sempere
Interpretes: Maribell Calvo, Leonardo Montreal



SOLEDÁ
Asturias (España), 2024-15 min.
Directora: Howi Álvarez
Interpretes: Luciano Álvarez, Laura Ubach



LAS PARDAS
España, 2024-15 min.
Directora: Simone Sojo
Interpretes: Belmonte, Delia del Carmen Márquez, Dharna Amaro Fontan, Juan Vikches Riviere

Enrique Muíño, o gaúcho galego

Na primavera de 1886, a familia Muíño embarca no porto da Coruña, España, rumbo a Arxentina. Ao igual que miles de españois e italianos que parten co soño de “facer a América”, os Muíño buscan nese destino a oportunidade de mellorar a súa situación económica e forxar un futuro para os seus 11 fillos. Ao chegar a Bos Aires, Enrique, o menor dos nenos, acaba de cumprir 6 anos e ve con fascinación a acelerada transformación da capital Arxentina, que en pouco tempo deixa de ser unha aldea colonial para pasar a ser unha metrópole que nada ten que envexar ás grandes cidades europeas.

No seu deambular polas rúas de Bos Aires, o pequeno Enrique descobre o circo e o incipiente teatro crioulo. A atracción é tal que, a partir de entón, non dubidará xamais sobre a súa vocación: ser un actor profesional.

Non obstante, a realidade dos Muíño non é tan boa como esperaban e pronto Enrique debe abandonar a escola e o seu soño da actuación por un posto como grumete na Armada Nacional. Logo de varios anos na mariña, onde forma unha compañía que actúa a bordo das fragatas, Enrique Muíño pide a baixa e decide probar sorte no teatro.

En 1902, incorpórase á famosa compañía de Jerónimo Podestá. Os comezos son duros e o soldo escaso, pero pouco a pouco Muíño comeza a destacarse entre o elenco e vive desde un lugar privilexiado a posta en escena das primeiras obras de teatro escritas por autores arxentinos.

Daquela, o estado intenta resaltar a imaxe do crioulo, antes deostada, fronte a unha ola de inmigrantes que comeza a cuestionar o seu rol no modelo agro-exportador proposto polas clases dominantes. O teatro non é alleo a esta nova visión do nacional e moitas das súas obras son sainetes e dramas protagonizados por gauchos. Enrique Muíño demostra en cada función que posúe un talento particular para interpretar ao crioulo e dálle unha nova dimensión ao clásico papel do compadrito, co que colleita boas críticas e popularidade. A pesar do seu talento, Muíño non logra consolidar a súa carreira cun éxito



prolongado e alterna altos e baixos en compañías alleas. Pero, en 1916 forma a Gran Compañía de Comedias Muíño - Alippi, xunto co actor e director Elías Alippi, que ademais de colega, é un amigo fraterno. O éxito da parella lévaos ata España, onde realizan unha xira que queda gravada na historia do teatro ibérico.

Na década dos 30, Muíño e Alippi descubren no cine un novo medio para desenvolver as súas inquietudes artísticas. O éxito da película *Así es la vida*, protagonizada por ambos, impúlsalos a abandonar definitivamente o teatro pola sétima arte. En 1940 deciden fundar a súa propia compañía cinematográfica xunto a un grupo de artistas que non teñen un traballo estable. Así nace Artistas Argentinos Asociados, unha cooperativa que toma como modelo á United Artists, onde se xeran películas clásicas do período de maior esplendor do cine arxentino, como *La Guerra Gaucha* e *Su Mejor Alumno*, ambas protagonizadas por Muíño.

A comezos dos anos 50, mentres o cine arxentino comeza a declinar, Muíño retírase á súa casa nas serras de Córdoba, lugar de inspiración

e traballo dos integrantes de Artistas Argentinos. Alí desenvolve a súa segunda vocación, a pintura, e volve obter recoñecemento, agora como paisaxista.

En 1956, unha diátese mal controlada acaba coa vida de Muíño. O goberno da Revolución Arxentina, que o identifica como un artista ligado ao peronismo, ocúpase de que non reciba ningunha homenaxe e intenta deixalo no esquecemento. Pero o seu legado artístico aínda perdura no tempo, á espera de ser redescuberto.

Na 32ª edición da Semana de Cine de Lugo (2010), Enrique Muíño foi homenaxeado cunha edición bilingüe sobre a súa vida e obra titulada *ENRIQUE MUIÑO (O GAUCHO GALEGO)*. Unha exposición que percorreu Laracha (a súa terra natal), a Facultade de Ciencias da Información de Santiago de Compostela e a Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. Tamén se presentou unha sección retrospectiva das súas películas en Lugo e Laracha, así como a estrea mundial dun documental sobre a súa vida realizado en Bos Aires polo director de cine Federico Santillana. E a partir de 2025, o seu nome aparecerá nunha placa conmemorativa no Paseo do Cine de Lugo.



ENTRADAS SEMANA DE CINE





Compra de entradas

Infantil, O mellor do ano, Sección Oficial, no Auditorio:

www.semanadecinedelugo.com

A entrada nas restantes sedes será libre e de balde ata completar o aforo, e previa retirada de invitación en www.semanadecinedelugo.com ata unha hora antes do comezo de cada proxección, ou presencialmente na sala correspondente, desde media hora antes. Unha vez comezada a película non se permitirá o acceso á sala.



CINE GALEGO (CURTAMETRAXES)

20:00h. Vello Cárcere

(Practicamente a totalidade das películas que se exhiben nesta Sección da Semana de Cine obtiveron premios nos máis importantes festivais onde foron presentadas. Para non influir no espectador á hora de emitir o seu voto para elixir a Mellor Película, o Xurado de Selección e o Comité Organizador, decidiu omitir aquí os Festivais e Premios obtidos por cada unha das películas que se presentan).

Luns, 22 /20:00 h.



RECORDOS ASOLAGADOS

España, 2024
15 min.
Director: David Vázquez "Pinancho"
Fotografía: Humberto Novoa




ALMA

Galicia, 2024
20 min.
Director: Javier Santana
Interpretes: Eba Martínez, Manuela Fernández, Mayka Braña, Lara González



TRASTOS UN DÍA NORMAL

Galicia, 2024
9 min. Animación
Director: Javier Blanco Armada



LAVADOIRO

Galicia, 2023
17 min.
Dirección: Ana Amado, Lois Patiño



MEXILLÓN-NARIA

Galicia, 2024
15 min.
Director: Pablo Chouza

Martes, 23 /20:00 h.



TIRO PORQUE ME TOCA

Galicia, 2025
13 min.
Directora: Carmen Villaverde Naratallo
Interpretes: María Penas, Ricardo Villaverde, Julia Villaverde



CAMÍNERO. EL GENERAL QUE INTENTÓ EVITAR UNA GUERRA

Galicia, 2025
14 min.
Dirección: Alicia López Méndez, Francisco Javier López Rodríguez



TEÑO QUE APRENDER A CHORAR DE NOVO


Galicia, 2025
7 min.
Director: Dani Iglesias

Xoves, 25 /20:00 h.



BETAS

Galicia, 2024
16 min.
Director: Senin Porto
Interpretes: Vicente Mohedano, Xoel Pol, Abel Pardal, Xabi López, Luisa Treviño, Jorge Vilarinho Rico, Martín Arques Vilarinho, Víctor Castro, Sara Gómez Iglesias, Amalia Vidal Gorosquieta



HIPPO-CAMPUS

Galicia, 2024
15 min.
Director: Xaime Miranda
Interpretes: Daniel Caxigueiro, Inma Ouel, Andrés Real, Adrián Rios, Lidia Veiga



CARRACEDO

Galicia, 2025
15 min.
Director: Manuel Lucas Mariño



NAI

Galicia, 2024
15 min.
Director: Tito Refoxo
Interpretes: Andrea Vilarinho, Denis Gómez, Lana Fernández, Felipe González, Javier Gálego



BOCA DE ASNO

Galicia, 2025
9 min.
Director: Carlos Galvar Tomé
Interpretes: Lidia Veiga, Denis Gómez



ABELLÓN

Galicia, 2024
19 min.
Director: Fon Cortizo
Interpretes: Machi Salgado, Cori Mañá



BINGO

Galicia, 2023
Directora: Sabela Freire.
Colectivo guiado por María Taboada
Produtora: Centro de Formación Profesional. Deputación de Lugo



Venres, 26 /20:00 h.



O PATIO

Galicia, 2024
19 min.
Directora: Ariadna Cordal
Interpretes: Alfonso Agra, Lidia Veiga



ANCORA

Galicia, 2024
15 min.
Director: Miguel R. Berride



O PORCO

Galicia, 2024
4 min.
Director: Hugo R. Morgado
Interpretes: Uxia Suevos, Mateo Rodríguez, Nano Rivas




O INTERROGATORIO

Galicia, 2025
19 min.
Director: José Ignacio Rodríguez Varela
Interpretes: Rocío Lema, Nacho Caeiro, Sara Rodríguez, María, Pablo Grela



RATIÑA

Galicia, 2025
10 min.
Directora: Alicia Ubeda
Interpretes: Carmen, Sara Ferro, Luís Zahera



MARCO EXPOSTO

Galicia, 2025
4 min.
Dirección e guiño: Julia Valriberas Sáez y Miguel Barja Lamela
Interpretes: Garda de seguridade: Miguel Barja Lamela; Giovanni Arnolfini: Mateo Quindós Adrán; Giovanna Cenami: Julia Valriberas Sáez; Manifestante: Julia Valriberas Sáez
Produtora: Findecorta. Lugo Cultural



Sábado, 27 /20:00 h.



SENDA ESTRELA

Galicia, 2025
10 min.
Directores: Eva Vaeli, Manu Sacoga
Interprete: Eva Gavilán



UN CAN GALEGO

España, 2025
9 min.
Director: Isis Acea
Interprete: Iria Gómez



GRALLA

Galicia, 2024
17 min.
Directores: Rebeca Tella, Daniel Filloy
Interpretes: Isabel Filloy, Nicolás Tella, Fede Pérez, Alba Pose



ADEUS, BERTA

Galicia, 2025
17 min.
Director: Fernando Tato
Interpretes: Gemma do Carmo, Ángela Andrada



QUERO-T

Galicia, 2025
7 min.
Directora: Uxia Calviño López
Produtora: Findecorta. Lugo Cultural
Interpretes: Antón Calviño López, Area López Franco, Naomi Álvarez Brito, Uxío Avilés López



Un cuarto de século despois: A muralla, punto de mira

A muralla romana de Lugo é o obrigado punto de mira de todos os lucenses. Rodea o vello Lugo cun abrazo moito máis que milenar, conferindo carácter á cidade que leva a herdanza romana no sochán, na memoria e na alma.

No decurso da historia, a súa imaxe pesou na nosa alma colectiva, transmitíndose a través das xeracións ata chegar o momento en que os “Señores da Luz” puideron plasmala de xeito físico para ter probas tanxibles da súa permanente presenza.

E neste 2025 cúmprense vinte e cinco anos, un cuarto de século, rotunda cifra que a Semana de Cine de Lugo non pode deixar pasar sen conmemorar, sen celebralo cumpridamente. Se a fotografía é o xeito perfecto para gardar memoria física de feitos e elementos históricos, nesta XLVII Semana de Cine sentimos a necesidade e o pracer de poñer de manifesto esta efeméride, a conmemoración do recoñecemento de Ben Mundial deste monumento, agora único no seu xénero no mundo, pola súa conservación, integración e permanencia na historia e na vida da cidade de Lugo.

Con motivo da Semana de Cine, imos organizar en Lugo unha singular exposición fo-



tográfica, coordinada por Eduardo Rodríguez Ochoa, responsable de fotografía do Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, na que quince fotógrafos profesionais de prensa aportarán obras singulares sobre o noso primeiro monumento.

Un panel por autor permitirá coñecer a especial visión de cada profesional da fotografía

de actualidade desta mole que día a día segue amosando vellos segredos, e suxire aos ollos atentos tan diversos xeitos de vela e enfocala.

Con esta exposición fotográfica na Semana de Cine de Lugo, Fonmiñá abre as celebracións coas que Lugo vai conmemorar os 25 anos da posta en valor da máis preciosa alfaia que unha cidade bimilenaria pode posuír.

DEIXADE QUE O CINE...



Especial infantil en colaboración con ASPNAIS

(Asociación provincial de pais e titores de persoas con discapacidade intelectual)

CINE GALEGO:

■ SEN ALMA

CINE NADAL:

■ SE ARMÓ EL BELÉN

Especial Concepción Arenal

(En colaboración coa Asociación Concepción Arenal e Institucións Penitenciarias)

CINE DOCUMENTAL:

■ NO ESTÁS SOL@

■ TAL VEZ NOS VOLVAMOS A ENCONTRAR

CINE GALEGO:

■ SEN ALMA


CINE ESPAÑOL INÉDITO:

■ HYBRIS

**A Mellor Película da Sección Oficial (Auditorio),
As curtas tamén son cine (Vello Cárcere)
e Cine Galego (Vello Cárcere) serán elixidas
polo público asistente a través das papeletas
de votación que se entregarán á entrada
de cada sala.**

**O resto dos premios serán outorgados polo
Xurado de Fonmiñá.**

★ ★ VOTACIÓN ★ ★





C A R T E L E I R A

[illegible]

XUNTA DE GALICIA
BIBLIOTECA
DEPUTACIÓN
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
XUNTA DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA
AUDITORIO
DEPUTACIÓN
XUNTA DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
AUDITORIO
AUDITORIO

AUDITORIO
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
AUDITORIO
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
VELLO CÁRCERE
AUDITORIO
AUDITORIO

